

O PALEOLÍTICO

Os primeiros seres humanos vivían principalmente da pesca, da caza e da recolección de froitos silvestres. Cazaban especies como mamuts, bisontes e cervos.

Eran nómadas porque desprazábanse dun lugar a outro buscando lugares onde cazar. Organizábanse en pequenas tribus.

Vivían ó aire libre, en covas ou en cabanas construídas con ramas de árbores e peles de animais. Decoraban as paredes das covas onde vivían con pinturas rupestres. Tamén facían esculturas de pequenas figuriñas de mulleres e animais.

Os primeiros grupos humanos fabricaban ferramentas de pedra tallada e de ósos coas que se axudaban nas súas labores, na caza ou na pesca.

Un paso importante foi o descubrimento do lume fai aproximadamente medio millón de anos.





FERRAMENTAS DO PALEOLÍTICO

Os primeiros grupos humanos fabricaban ferramentas de pedra que tallaban con percutores (pedras para golpear a outras). As principais eran:

- Coitelos e bifaces para cortar carne, peles....
- Raspadores para curtir as peles e fabricar vestidos.
- Puntas de frecha para cazar.
- Agullas para coser.
- Arpóns para pescas



HERRAMIENTAS PALEOLÍTICAS



PINTURAS RUPESTRES E ESCULTURAS

O home do paleolítico decoraba as paredes das covas con grandes pinturas que representaban os animais que cazaban. Tamén esculpía pequenas figuriñas de pedra que simbolizaban figuras de mulleres e de animais.

